

O que se publica para xeral coñecemento.

O Porriño, 25 de xuño de 2009.—O Alcalde-Accidental, Pedro Pereira Fernández. **2009008384**

E D I C T O

Transgebé, S.L., solicitou da Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a almacén de chapa de granito, a situar no Polígono Industrial A Granxa, parcelas 106, 107, 108 e 109, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/12/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 26 de xuño de 2009.—O Alcalde Accidental. Pedro Pereira Fernández. **2009008386**

E D I C T O

Illa Marosa, S.L., solicitou da Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a almacenamento de materiais e equipos para a soldadura, mantemento eléctrico e de protección, a situar no Polígono Industrial SUR-PPI-7, parcela C-1, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/11/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 26 de xuño de 2009.—O Alcalde Accidental. Pedro Pereira Fernández. **2009008387**

E D I C T O

Comercial Pan-Car, S.L., solicitou da Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a almacén de produtos de panadería e pastelería, a situar no Polígono Industrial A Granxa, parcela 70, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/10/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 26 de xuño de 2009.—O Alcalde Accidental. Pedro Pereira Fernández. **2009008388**

E D I C T O

Darlim, S.L., solicitou da Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a almacenamento, distribución e venda ó por maior de produtos de limpeza e maquinaria industrial, a situar no Polígono Industrial, A Granxa, parcela 67, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/09/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 26 de xuño de 2009.—O Alcalde Accidental. Pedro Pereira Fernández. **2009008389**

* * *

PONTE CALDELAS

A N U N C I O

Sendo publicado edicto de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades deportivas, de lecer ou tempo libre organizadas polo Concello no Boletín Oficial da Provincia de data 8 de Junio de 2009, e transcu-

rrido o prazo de 30 días hábiles, sin que se teñan presentado reclamacións, considerase definitivamente aprobada a devandita ordenanza e procédese a ordear a súa publicación completa.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO
PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
DEPORTIVAS, DE LECER OU TEMPO LIBRE
ORGANIZADAS POLO CONCELLO**

ARTIGO 1.—CONCEPTO

Consiste o obxecto deste prezo público a realización de actividades deportivas, de lecer e tempo libre, de competencia da entidade local, organizadas polo Concello de Ponte Caldelas, sempre e cando non sexan feito impositivo dunha taxa, ou estén nos supostos de exención contemplados no artigo 21 do RDL 2/2004 de 5 de Marzo, ou sexan obxecto regulado noutra ordenanza deste Concello.

ARTIGO 2.—OBRIGADOS AO PAGO

Será obrigado ao pago quen voluntariamente se matricule para a realización destas actividades, e por tanto se beneficie das mesmas.

No caso de menores actuarán como substitutos do obrigado, o pai, nai ou titor da persoa física matriculada.

ARTIGO 3.—CONTÍA

O importe do prezo público determinarase mediante aprobación, en cada caso pola Xunta de Goberno Local, aténdose ao regulado no artigo 44 do RDL 2/004 de 5 de Marzo, e xustificarse diante da intervención. Para a súa determinación elaborárase unha memoria económica-financieira polos servizos correspondentes, na que se xustificará o importe dos prezos que se propoña e o grado de cobertura financeira dos custes correspondentes.

ARTIGO 4.—OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para a realización da actividade en cuestión.

2. O importe do prezo abonarase dunha sola vez ó realizar a matrícula. De prolongarse a actividade no tempo podrán determinarse pagos por mensualidades do mesmo importe, que deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes, tendo que ser presentados no Concello os xustificantes de aboamento dos devanditos importes.

3. A renuncia á participación, unha vez iniciada a actividade, non dará dereito á devolución do prezo abonado, pola parte de actividade xa disfrutada.

ARTIGO 5.—NORMAS DE PROCEDIMENTO

1. O servizo que acordase a realización das actividades deberá xustificar diante da Intervención o seu custo total e estimación de asistentes.

2. Realizará proposta á Xunta de Goberno Local para determiná-las cotas a esixir de conformidade co establecido no artigo 3 deste texto, xuntando unha memoria da actividade a desenvolver.

3. Unha vez acordado o prezo público, darase conta do mesmo as persoas interesadas na realización da devandita actividade, indicándolles as contías, prazos, lugar de ingreso e a conta bancaria na que deberán facer o ingreso, así como concepto a poñer no mesmo, para que así o resguardo bancario sirva de xustificante de ingreso.

4. Unha vez finalizada a actividade, o responsable da dependencia encargarse de dar conta do cumprimento de dita actividade, presentando conta xustificativa da mesma, indicando os importes ingresados polos obrigados, e adxuntado copia dos resgardos dos mesmos, así como detalle dos custos a sufragar polo Concello, para que os servizos económicos teñan constancia dos mesmos

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 21 de Maio de 2009, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra sendo de aplicación a partires desa data.

En Ponte Caldelas, a 31 de xullo de 2009.—
O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2009008712**

A N U N C I O

En cumprimento do establecido no artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro, do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e do artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, faise público por prazo de vinte días, a favor do Servizo Galego de Saúde e para destinalo a Centro de Saúde, o expediente de cesión gratuíta do ben inmovible Centro de Saúde para que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

En Ponte Caldelas, a 17 de xullo de 2009.—Perfecto Rodríguez Muíños. **2009008303**

* * *

O I A

A N U N C I O

O Pleno do Excmo. Concello de Oia, na súa sesión de data 23 de xullo de 2009, con carácter provisional, adoptou o seguinte acordo:

—Aprobación inicial da imposición e ordenación da taxa por prestación dos servizos de Cemiterio Municipal.